

# A PESCA ARTESANAL, GARANTÍA DE CALIDADE



A pesca artesanal realízase desde pequenas embarcacións que pescan nas zonas próximas da costa, polo que van ao día, o que permite que o peixe e o marisco cheguen só con horas aos mercados.

Emprega artes de pesca selectivas o que, xunto coa captura de cantidades relativamente pequenas e o coidado con que os pescadores tratan o peixe, garanten unha calidade, que dificilmente se iguala por outras pesquerías.

Unha pesca que ademais é a principal fonte de riqueza das nosas vilas costeiras, pois sostén numerosos postos de traballo, directos e indirectos.



## A pesca artesanal garante a conservación dos recursos da nosa costa

A pesca artesanal, ao utilizar artes selectivas, desde pequenas embarcacións, sen apenas mecanización, e basearse no coñecemento que ten o pescador do mar e dos ciclos das especies, que respecta as vedas e os talles mínimos, realiza unha explotación racional e sostible dos nosos recursos pesqueiros e asegura a súa conservación para o futuro.



## A calidade dos produtos pesqueiros está controlada



Os controis establecidos polas confrarías de pescadores e pola Xunta de Galicia aseguran que o produto capturado cumpra os talles mínimos e as vedas, que se pesque con artes legais e que se atope en óptimas condicións de frescura e hixiene.

Estes controis garanten que o produto sexa da mellor calidade, así como as súas condicións hixiénicas e sanitarias, e asemade asegura a conservación dos recursos.